

As Escritoras/es en Lingua Galega, a polo 2016 ~ O blog de Juan Ramón Martínez Barbosa (O Rosal)



Boas a todos/as!

Coméntovos nesta nova entrada, que a nosa activa [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) "celebrou na mañá do sábado 13 de febreiro a súa **Asemblea Xeral** de socios/as, que acordou outorgar a **Dolores Macías Pose**, e a **Mini e Mero** os PremiosMestres/as da Memoria 2016, galardóns que se entregarán na [I Gala dos Premios Mestres e Mestras da Memoria](#) a celebrar en Lugo o 19 de marzo.

Tamén o nome do **Escriptor/a Galego/a Universal 2016**, distinción que recollerá **Pere Gimferrer** na [I Gala do Libro Galego](#) que terá lugar o 14 de maio na cidade de Santiago de Compostela.

Así mesmo, acordouse que Helena Villar Janeiro sexa a próxima “[Escriptora na súa Terra – Letra E](#)” e, por tanto, quen reciba unha homenaxe que este ano chega á súa vixésimo segunda edición; será no mes de xuño no Concello de Rianxo.

Aprobouse o programa de actividades para o ano, que inclúe como a más próxima a celebración do vindeiro [Día de Rosalía de Castro](#); o programa apostará por continuar con actividades de traxectoria xa asentada e de alcance social como son os paseos literarios ou os obradoiros da escola de escritoras e escritores.



#mobilizarosalía

24 de febreiro Día de Rosalía de Castro



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg.gal

Tamén a organización ou corgización de xornadas de formación dirixidas ao estudo das diferentes formas de crear literatura contemporánea desde os espazos de formación de novos formadores/educadores/mediadores da lectura. Igualmente se reforza o proxecto coordinado pola [sección de Literatura Oral](#) coa celebración dunha gala dos premios mestres e mestras da memoria e a través da celebración de novas polafías e dunha nova edición, a novena, da xornada de literatura de tradición oral.

Asemade, a visibilidade da escritora e do escritor a través da web continuarán a ser un eixo central da actuación da entidade co enriquecemento do espazo común e mais de cada [páxina individual con que cada socia/o conta no centro de documentación da web da aelg](#).

Tamén se acordou a incorporación de tres novas vogalías ao Consello Directivo da AELG, as de **Ledicia Costas** por Vigo, **Ramiro Torres** como responsábel de comunicación, e mais **Afonso Becerra** como vogal de literatura dramática.

Anuncíouse a creación dunha Sección de Literatura Dramática e confirmouse a participación activa da AELG na plataforma [Seguir creando](#)".

Autor da semana

Juan Ramón Martínez Barbosa



Outras accións na web

“Autor-a da semana” no Facebook da AELG

Isaac Rielo Carballo	Iván García Campos	Alberte Momán
Sabela González	Rosa Méndez	Maria Xosé Porteiro
Xulián Maure	Inma López Silva	António Gil
Yolanda Castaño	Arturo Lezcano	Verónica Martínez Delgado
X. M. Martínez Oca	Ana Arias	Cipriano L. Jiménez Casas
Iolanda Zúñiga	Anxo Fariña	Pilar García Negro
Fidel Vidal	Silvia Caride	Antonio Manuel Fraga Allegue
María Reimóndez	Paco Martín	Inma Otero Varela
Carlos Durao	Francisco Castiñeira	Francisco Pillado
Eulalia Agrelo	Fina Casalderrey	Lourdes Maceiras
X.M. Lema Mouzo	J. Ramón Martínez Barbosa	Jorge Emilio Bóveda
Xosé Estévez	Margarita Ledo	María do Cebreiro
Alicia Díaz Balado	Andrés Torres Queiruga	Santiago Esteban Radio
Xesus Franco	Emma Couceiro	Tareixa Roca
Estíbaliz Espinosa	Justo Beramendi	Juan Tallón
Siro Lopez	Rosa Aneiros	Eli Ríos
Modesto Fraga	Xosé Antón Cascudo	
Uxía Casal	Laura Tato	

J. Ramón Martínez Barbosa

Por certo, teño que agradecer e lembrar antes de rematar este post, que en marzo deste 2016 fará un ano que dende a **Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega** me elixiran "Autor da semana" no facebook. Prometo, pois, seguir traballando e escribindo en prol da nosa cultura, do noso patrimonio e das nosas xentes.

¡Ata a próxima! ¡Saúde para todos/as! ¡Bicos e apertas!